# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARZÚA
CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA, 2019-2020
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA:10/5/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes)emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe,con apoio visual moi redundante que axude á comprensión | PLEB1.1. Comprende a información esencial de contos, rimas ou cancións moi breve e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronunciación ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. |
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentid oxeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelasescritas, relacionadas cos temas traballados. |
| B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoábel corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. |

A medida e valoración dos estándares de aprendizaxe baséxanse, en condición normais e entre outros factores, en:

- Actitude e interese.
- Comportamento.
- Probas obxectivas, **observación diaria** e traballos.

A día de hoxe hai que engadirlle a estes factores outros factores socio-económicos, emocionais ou circurstanciais que poden afectar ao rendemento do noso alumnado e que é preciso ter en conta no momento de avaliar, sempre dende unha perspertiva conxunta e coordinada coa titora/or e o resto do equipo.
O seguemento e avaliación do alumnado na área de linguas estranxeiras, especialmente nos cursos inferiores, céntrase en grande medida na **observación directa de competencias, actitudes e habilidades lingüísticas, sociais, extralingüísticas**… Dadas as circunstancias actuáis é imposíbel facer un seguemento fiábel destas competencias e, en base a isto, é imposíbel desglosar unha serie de estándares e criterios nos que se podan deitar unhas bases medianamente sólidas para levar a cabo unha avaliación integral.
Nestas condición a valoración dos estándares de aprendizaxe en base aos 5 bloques (comprensión e produción oral, comprensión e producción de textos escritos e coñecemento da lingua e conciencia intercultural) é, sinxelamente, no mellor dos casos una declaración de boas intención ben alonxada da realidade competencial do alumando.
Os criterios e estándares escollidos arriba, son os criterios e **estándares básicos, menos inxustos, excluintes e xenéricos** cos que no mellor dos casos se podería tentar facer unha **simulación de avaliación**. Aínda así compre ter en conta que moitas das familias **non foron quen de, ou non quixeron ou non pudieron facer as tarefas asignadas**… polo que nese aspecto, avaliar nestas condicións é unha **inxustiza** tanto **para o alumnado** como **para o profesorado**.

Por esta razón e partindo da falta dun nivel maior de concreción nas instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación partirá da seguinte premisa:

A cualificación da terceira avaliación poderá incrementar a cualificación final nun máximo dun punto, tendo en conta o apartado 6.10 destas instruccións.

Por tanto, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só terá valor positivo para a cualificación do alumnado.

<table>
<tr><th colspan="2">4. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos: Tomarase como referencia principal o traballo feito durante o primeiro e segundo trimestre na aula. A cualificación da terceira avaliación poderá incrementar a cualificación final un máximo dun punto.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos: Para a terceira avaliación terase en conta os traballos aportados polo alumnado que desenvolveu na casa e tan só contará para subir a súa nota final nun máximo dun punto.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br><br>A avaliación partirá do principio de avaliación continuada ponderada até o principio do confinamento. Para isto terase en conta as notas da primeira e segunda avaliación facendo media e en caso de mitades inexactas provalecerá o valor da 2º avaliación e ponderando sempre á alza.<br><br>Para a terceira avaliación o feito só servirá para subir nota, nun máximo dun punto( na terceira avaliación só).<br><br>Para a cualificación final do curso nesta situación excepcional ponderará en maior medida o período presencial en base a:<br><br>• Actitude e interese.<br>• Comportamento.<br>• Probas obxectivas, observación diaria e traballos.<br><br>Vólvese a aplicar aquí, á media á alza prevalecendo a avaliación continuada.<br><br>De xeito específico, o mestre preparará material de reforzo e revisión para aquel alumnado que o precise por causa das eivas na súa formación causadas por esta situación excepcional de cara ao próximo curso. Estas actividades terán o obxectivo de facer que este alumnado afronte o comezo do vindeiro curso cunha base mínima para atender as aulas do vindeiro ano escolar.</td></tr>
</table>

| 5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | • Vídeos titoriais para as revisións.<br>• Revisión de contos e cancións aprendidas durante o curso.<br>• Actividades e xogos en liña en base a conceptos desenvolto neste curso ou en cursos anteriores como revisión de conceptos xerais que co seu carácter cíclico serven para afianzar conceptos básicos.<br>• Propostas de actividades de Arts and Crafts para a conmemoración do día do pai.<br>• Propostas de produción de pequenos vídeos nos que poñan de manifesto o aprendido (día da nai).<br>• Actividades en fichas interactivas (liveworkksheet) autocorrexibeis que incluen vídeos, audios e actividades interacitvas das que o mestre pode facer un seguimento individualizado.<br>• Fichas tipo PDF para imprimir de reforzo e revisión. Tamén de ampliación para as familias que así o desexen. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía subxugouse ás necesidades das familias.<br>Comezando por identificar aquelas familias con problemas de conectividade.<br>Por outra banda comecei por:<br>1. Procurar informar ás familias dos recursos varios que dispoñen na rede, principalmente recompilados no meu blog e publicitado na web do centro.<br>2. Tendo en conta que nesta idades pais e nais van ser os profes: asesorar ás familias medolóxicamente, dun xeito básico, para desenvolver unhas competencias mínimas á hora de traballar a aprendizaxe de linguas estranxeiras.<br>3. Estruturar as tarefas cunha cadencia semanal ou se fora preciso quincenal.<br>4. Proporcionar toda a miña disposición para resolver calquera dúbida ou sexestión via blog, email, abalarmóbil ou mesmo teléfono.<br><br>A metodoloxía procurou ser:<br>1. Inclusiva coa maior parte do alumnado dadas estas circunstancias.<br>2. Xenerosa na súa demanda de cumprimento ou non cumprimento.<br>3. Aberta e plural, no sentido de procurar que en base ás competencias e contidos de reforzo, revisión e no seu caso extensión, as familias traballasen partindo das miñas propostas ou a posíbeis recursos ou estratexias que no contexto da casa mellor se adaptaran á realidade familiar.<br>4. Variada no aspecto de cubrir diferentes intereses e circunstancias respecto a situación de cada familia.<br>5. Variada tamén no seu prantexamento indo máis aló do binomio papel-lapis cando foi posíbel.<br><br>A metodoloxía para o alumnado sen conectividade ou circunstancias familiares adversas, basexouse na consecución de fichas relativas ao reforzo e revisión do aprendido. |

| | |
|---|---|
| **Materiais e recursos** | Os materias e recursos devídense en dous grupos:<br>1. En liña: xogos, vídeos, titoriais, fichas interactivas, etc.<br>2. En liña para imprimir: Fichas de reforzo e revisión e mesmo de ampliación para aquelas familias que o demandasen.<br><br>Os materias e recursos atópanse no blog 5fivecorners.blogspot.com e se pblicitaron na web do centro. |

| **6. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O procedementos empregados para informar ao alumnado:<br>1. Abalarmóbil.<br>2. Web do centro.<br>3. Email.<br>4. Blog.<br>5. Teléfono. |
| **Publicidade** | Web do CEIP de Arzúa, blog personal, abalarmóbil. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARZÚA
CURSO: 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA, 2019-2020
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA:10/5/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1.Comprender o sentido xeral de textosorais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moievidentes) emitidos con ritmo discursivo lento,con claridade e de viva voz ou por mediostécnicos que non distorsionen a percepción damensaxe, con apoio visual moi redundante queaxude á comprensión. | PLEB1.1.Comprende a información esencial dunconto, rim ou canción moi breves, e moi sinxelos,previamente traballados emitidos lentamente, cunhapronuncia ben articulada, e c apoios visuais moiredundantes que axuden á comprensión. |
| B3.1.Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual. | PLEB3.1.Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente d forma oral. |
| B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoábel corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. |
| B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación | PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabula básico necesario para participar nas interaccións de aula, l textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. |

A medida e valoración dos estándares de aprendizaxe baséxanse, en condición normais e entre outros factores, en:

- Actitude e interese.
- Comportamento.
- Probas obxectivas, **observación diaria** e traballos.

A día de hoxe hai que engadirlle a estes factores outros factores socio-económicos, emocionais ou circurstanciais que poden afectar ao rendemento do noso alumnado e que é preciso ter en conta no momento de avaliar, sempre dende unha perspertiva conxunta e coordinada coa titora/or e o resto do equipo.
O seguemento e avaliación do alumnado na área de linguas estranxeiras, especialmente nos cursos inferiores, céntrase en grande medida na **observación directa de competencias, actitudes e habilidades lingüísticas, sociais, extralingüísticas**… Dadas as circunstancias actuáis é imposíbel facer un seguemento fiábel destas competencias e, en base a isto, é imposíbel desglosar unha serie de estándares e criterios nos que se podan deitar unhas bases medianamente sólidas para levar a cabo unha avaliación integral.
Nestas condición a valoración dos estándares de aprendizaxe en base aos 5 bloques (comprensión e produción oral, comprensión e producción de textos escritos e coñecemento da lingua e conciencia intercultural) é, sinxelamente, no mellor dos casos una declaración de boas intención ben alonxada da realidade competencial do alumando.
Os criterios e estándares escollidos arriba, son os criterios e **estándares básicos, menos inxustos, excluintes e xenéricos** cos que no mellor dos casos se podería tentar facer unha **simulación de avaliación**. Aínda así compre ter en conta que moitas das familias **non foron quen de, ou non quixeron ou non pudieron facer as tarefas asignadas**… polo que nese aspecto, avaliar nestas condicións é unha **inxustiza** tanto **para o alumnado** como **para o profesorado**.

Por esta razón e partindo da falta dun nivel maior de concreción nas instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación partirá da seguinte premisa:

A cualificación da terceira avaliación poderá incrementar a cualificación final nun máximo dun punto, tendo en conta o apartado 6.10 destas instruccións.

Por tanto, **a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só terá valor positivo para a cualificación do alumnado.**

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos: Tomarase como referencia principal o traballo feito durante o primeiro e segundo trimestre na aula. A cualificación da terceira avaliación poderá incrementar a cualificación final cun máximo dun punto.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos: Para a terceira avaliación terase en conta os traballos aportados polo alumnado que desenvolveu na casa e tan só contará para subir a súa nota final nun máximo dun punto.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br><br>A avaliación partirá do principio de avaliación continuada ponderada até o principio do confinamento. Para isto terase en conta as notas da primeira e segunda avaliación facendo media e en caso de mitades inexactas provalecerá o valor da 2º avaliación e ponderando sempre á alza.<br><br>Para a terceira avaliación o feito só servirá para subir nota, nun máximo dun punto( na terceira avaliación só).<br><br>Para a cualificación final do curso nesta situación excepcional ponderará en maior medida o período presencial en base a:<br><br>• Actitude e interese.<br>• Comportamento.<br>• Probas obxectivas, observación diaria e traballos.<br><br>Vólvese a aplicar aquí, á media á alza prevalecendo a avaliación continuada.<br><br>De xeito específico, o mestre preparará material de reforzo e revisión para aquel alumnado que o precise por causa das eivas na súa formación causadas por esta situación excepcional de cara ao próximo curso. Estas actividades terán o obxectivo de facer que este alumnado afronte o comezo do vindeiro curso cunha base mínima para atender as aulas do vindeiro ano escolar.</td></tr>
</table>

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | • Vídeos titoriais para as revisións.<br>• Revisión de contos e cancións aprendidas durante o curso.<br>• Actividades e xogos en liña en base a conceptos desenvolto neste curso ou en cursos anteriores como revisión de conceptos xerais que co seu carácter cíclico serven para afianzar conceptos básicos.<br>• Propostas de actividades de Arts and Crafts para a conmemoración do día do pai.<br>• Propostas de produción de pequenos vídeos nos que poñan de manifesto o aprendido (día da nai).<br>• Actividades en fichas interactivas (liveworkksheet) autocorrexibeis que incluen vídeos, audios e actividades interacitvas das que o mestre pode facer un seguimento individualizado.<br>• Fichas tipo PDF para imprimir de reforzo e revisión. Tamén de ampliación para as familias que así o desexen. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía subxugouse ás necesidades das familias.<br>Comezando por identificar aquelas familias con problemas de conectividade. Por outra banda comecei por:<br>1. Procurar informar ás familias dos recursos varios que dispoñen na rede, principalmente recompilados no meu blog e publicitado na web do centro.<br>2. Tendo en conta que nesta idades pais e nais van ser os profes: asesorar ás familias medolóxicamente, dun xeito básico, para desenvolver unhas competencias mínimas á hora de traballar a aprendizaxe de linguas estranxeiras.<br>3. Estruturar as tarefas cunha cadencia semanal ou se fora preciso quincenal.<br>4. Proporcionar toda a miña disposición para resolver calquera dúbida ou sexestión via blog, email, abalarmóbil ou mesmo teléfono.<br><br>A metodoloxía procurou ser:<br>1. Inclusiva coa maior parte do alumnado dadas estas circunstancias.<br>2. Xenerosa na súa demanda de cumprimento ou non cumprimento.<br>3. Aberta e plural, no sentido de procurar que en base ás competencias e contidos de reforzo, revisión e no seu caso extensión, as familias traballasen partindo das miñas propostas ou a posíbeis recursos ou estratexias que no contexto da casa mellor se adaptaran á realidade familiar.<br>4. Variada no aspecto de cubrir diferentes intereses e circunstancias respecto a situación de cada familia.<br>5. Variada tamén no seu prantexamento indo máis aló do binomio papel-lapis cando foi posíbel.<br><br>A metodoloxía para o alumnado sen conectividade ou circunstancias familiares adversas, basexouse na consecución de fichas relativas ao reforzo e revisión do aprendido. |

| Materiais e recursos | Os materias e recursos devídense en dous grupos:<br>1. En liña: xogos, vídeos, titoriais, fichas interactivas, etc.<br>2. En liña para imprimir: Fichas de reforzo e revisión e mesmo de ampliación para aquelas familias que o demandasen.<br><br>Os materias e recursos atópanse no blog 5fivecorners.blogspot.com e se publicitaron na web do centro. |
|---|---|

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O procedementos empregados para informar ao alumnado:<br><br>1. Web do centro. |
| **Publicidade** | Web do CEIP de Arzúa. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARZÚA.  MMMM
CURSO: 3º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.MMMM**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **Bloque 1. Comprensión de textos orais**<br>B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e conten co apoio visual correspondente. | **Bloque 1.- Comprensión de textos orais**<br>PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá. **CL** |
| B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto. | PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. **CL** |
| **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción** | **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción** |
| B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente. | PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles. **CL** |
| **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** | **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** |
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. **CL-AA** |
| | PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais. **CL-AA** |
| B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. **CL-AA** |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | **Bloque 4: Produción de textos escritos** |

| | |
|---|---|
| B4.1. . Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. **CL** |
| **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural** | **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural** |
| B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. | PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais. **CL-SC** |
| B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo. | PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (*hello, goodbye, see you*...).. **CL-SC** |
| B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. | PLEB5.12. Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna. **CL-SC** |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>-Tarefas telemáticas<br>-Observación sistemática.<br>-Valoración dos contidos e competencias desenvoltos.<br>-Análise das producións entregadas. |
| | Instrumentos:<br>Para a valoración destas producións empregarase unha escala de valoración:<br>- - Entrega as tarefas telemáticas: sempre, ás veces, nunca.<br>- Realización dun xeito correcto (dándolle importancia ao proceso, iniciativa, presentación, esforzo e constancia): sempre, ás veces, nunca. |
| **Cualificación final** | Seguindo as instruccións do 27 de abril de 2020, e en concreto o punto 6.10 de dito documento, e tendo en conta o carácter continuo e global, diagnóstico e formativo do proceso de avaliación, establezo como CRITERIO XERAL poñer a nota do SEGUNDO TRIMESTRE para que o alumnado non sexa perxudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía do terceiro trimestre.<br>A cualificación final poderá poderá incrementar a cualificación final un máximo dun punto, tendo en conta o número e calidade das tarefas levadas a cabo durante o período de suspensión das clases (de repaso, reforzo e/ ou ampliación) tal como se menciona nos apartados 7.2 e 7.3 de ditas instruccións.<br>De xeito ESPECÍFICO, prepararanse tarefas de RECUPERACIÓN para aquel@s alumn@s que non teñan superada a primeira e/ousegunda avaliación, e a cualificación final poderá ser mellorada con un punto como máximo, según aparece reflexado no punto 6 das instruccións. |

A xustificación lexislativa a este apartado vén dada polo establecido no Decreto 105/2014 (currículo de primaria), a orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e a promoción en Primaria na Comunidade Autónoma e Galicia e polas instrucións do 27 de abril de 2020 para odesenvolvemento do terceiro trimestre

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | O traballo na Aula Virtual estructurouse en torno aos temas do libro coa finalidade de simplificar o traballo na Aula Virtual das familias do alumnado máis miudo, así como responder á petición de familias que querían finalizar as actividades do libro de texto. Nestes temas, incluimos:<br>• Un resumo do tema (vocabulario e estructuras)<br>• Resumos das estructuras gramaticais vistas ata o momento, así como algunha pequena ampliación destos contidos.<br>• Proposta dun *challenge*, ou desafío, onde @s nen@s teñan que gravar un video falando en inglés coa súa familia.<br>• Videos explicativos das esctructuras repasadas e ampliadas.<br>• Videos con diálogos e repaso de vocabulario e estructuras usadas en clase.<br>• LIVE worksheets (fichas interactivas autocorrexibeis que incluen vídeos, audios e actividades interacitvas das que, una vez finalizadas, a propia aplicación envía á mestra e esta pode facer un seguimento individualizado).<br>• Xogos, contos, cancións e debuxos animados (onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira en contextos reais).<br>• Fichas tipo PDF para imprimir de reforzo e revisión. Tamén de ampliación para as familias que así o desexen.<br>Tamén se dispuxo na Aula Virtual dos enlaces ás Avaliacións de Diagnóstico de 3º dos últimos anos, non coa intención de examinar, senon de practicar con estas probas a competencia lingüística xa que valoran a comprensión oral, escrita e a expresión escrita. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | As instrucións do 27 de abril 2020 establecen que durante o terceiro trimestre se desenvolverán actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores.<br>O traballo da Lingua Inglesa desenvólvese fundamentalmente na Aula Virtual do CEIP de Arzúa (3º e 4º, Lingua Inglesa). O grupo de 3º está formado por 20 alumnas e alumnos dos que, a maioría dispoñen de conexión a internet a través dun ordenador, aínda que ás veces con problemas de cobertura. Tres alumn@s non dispoñen ou de internet ou de ordenador para traballar con esta ferramenta. Para este alumnado dispoñemos de PDFs onde poda seguir traballando neste tempo de confinamento.<br>Na páxina web do centro, en Lingua Inglesa, Actividades, súbense as indicacións ás tarefas e traballo a realizar na Aula Virtual, así como os enlaces aos PDFs para o alumnado que non dispón de internet para traballar na Aula Virtual. (Estos pdf son enviados descargados tanto a librería da vila fotocopiadora como ao Concello que distribue copias ao |

| | |
|---|---|
| | alumnado con dificultades económicas). A Aula Virtual está estruturada en torno a temas de interese:<br>• ***Vocabulario***:<br>*Self introduction (Presentándose a un/unha mesma)*<br>*My school (A miña escola)*<br>*Foods and Drinks (Comidas e bebidas)*<br>*Clothes (Roupa)Weather (O tempo)*<br>*Telling the time (A hora)*<br>*Families (A familia)*<br>*Home (A casa)*<br>*Describing people (Descripcións)*<br>*Sports (Deportes)*<br>*Daily Routines (Rutinas diarias)*<br>• ***Gramática***:<br>*Verbs: TO BE, TO HAVE, CAN, LIKE ( Os verbos SER, TER, PODER, GUSTAR)*<br>*Verbal tense: Pesent Continuous (Presente Continuo)*<br>• ***Xogos e historias***<br>• ***Debuxos animados** e **películas:** Pepa Pig, Muzzy in Gondoland, Dora The Explorer, Pocoyo, etc.* (debuxos con subtitulos en inglés)<br>Cando empezou o período de confinamento, fixemos uso dunha nova técnica: estructurar os contidos e actividades en torno aos temas do libro coa finalidade de simplificar o traballo na Aula Virtual ás familias do alumnado máis miudo, así como responder á petición de familias que querían finalizar as actividades do libro de texto. No apartado de actividades especificamos como se leva a cabo.<br>Así mesmo, facilitóuselle ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que puideran precisar.<br>Tamén se crearon Listas de Difusión para comunicacións da profesora ás familias (onde tamén se enviaron todas as indicacións que se foron subindo a web, para maior comodidade das familias con dificultades nas TIC) e onde a comunicación con cada familia é a nivel individual.<br><br>O alumnado envía as tarefas feitas para a súa corrección por diferentes medios: a aplicación das propias LIVEWORKSHEETS, correo electrónico e whatsapp. Desde o primeiro momento se estableceu a non obligatoriedade das tarefas, a ausencia de datas de entrega e a adaptación aos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares (factores socioeconómicos, emocionais, organizativos, etc). Cada nen@ recibe o feedback ao seu traballo, coas corrección necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, correo electrónico ou chamada telefónica ou, se el@s así o queren, videochamada. Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades. A |

| | |
|---|---|
| | disponibilidade horaria para atención ás familias é total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares. Mantense contacto coas familias nas que o alumnado envía pouco traballo, nunca co ánimo de exercer presión, senon de apoiar e axudar.<br><br>Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe.<br>Tamén se leva a cabo o programa de enrequecemento curricular segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades.<br>A fundamentación lexislativa a este apartado correspóndese co establecido no Decreto 105/2014 que establece o currículo de primaria e a Orde ECD65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. |
| **Materiais e recursos** | Aula Virtual do CEIP de Arzúa<br>Páxina web do CEIP de Arzúa<br>PDFs (fichas, caderniños reforzo e ampliación)<br>Libro de texto<br>Videos, Audios, etc<br>Diversas aplicacións informaticas: Whatsapp, Liveworksheets, etc |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | **-Informarase ás familias**, e por conseguinte ao alumnado, da publicación deste documento na páxina web do centro e listas de difusión.<br>**-Resolveranse as dúbidas** que poidan xurdir a través dos medios citados anteriormente ou a través de chamadas telefónicas ou videoconferencias. |
| **Publicidade** | Será publicado por Dirección na **páxina web** do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARZÚA
CURSO: 4º
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. **Criterios de avaliación- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe e competencias |
| **Bloque 1. Comprensión de textos orais**<br>B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe. | **Bloque 1.- Comprensión de textos orais**<br><br>PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.. **CCL- CSC** |
| B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto. | PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. **CCL- CSC** |
| **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción** | **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción** |
| B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then). | PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. **CCL -CSC** |
| **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** | **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** |
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. **CCL** |
| B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. **CCL** |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | **Bloque 4: Produción de textos escritos** |

| | |
|---|---|
| B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. **CCL** |
| B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. | PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. **CCL** |
| **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural** | **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural** |
| B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. **CCL-CAA -CSC** |
| B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. | LEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. **CCL -CSC** |
| B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. | PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. **CCL -CSC** |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>-Tarefas telemáticas<br>-Observación sistemática.<br>-Valoración dos contidos e competencias desenvoltos.<br>-Análise das producións entregadas. |
| | Instrumentos:<br><br>Para a valoración destas producións empregarase unha escala de valoración:<br><br>- Entrega as tarefas telemáticas: sempre, ás veces, nunca.<br>- Realización dun xeito correcto (dándolle importancia ao proceso, iniciativa, presentación, esforzo e constancia): sempre, ás veces, nunca. |
| **Cualificación final** | Seguindo as instruccións do 27 de abril de 2020, e en concreto o punto 6.10 de dito documento, e tendo en conta o carácter continuo e global, diagnóstico e formativo do proceso de avaliación, establezo como CRITERIO XERAL poñer a nota do SEGUNDO TRIMESTRE para que o alumnado non sexa perxudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía do terceiro trimestre.<br>A cualificación final poderá poderá incrementar a cualificación final un máximo dun punto, tendo en conta o número e calidade das tarefas levadas a cabo durante o período de suspensión das clases (de repaso, reforzo e/ ou ampliación) tal como se menciona nos apartados 7.2 e 7.3 de ditas instruccións.<br>De xeito ESPECÍFICO, prepararanse tarefas de RECUPERACIÓN para aquel@s alumn@s que non teñan superada a primeira e/ousegunda avaliación, e a cualificación final poderá ser mellorada con un punto como máximo, según aparece reflexado no punto 6 das instruccións. |

A xustificación lexislativa a este apartado vén dada polo establecido no Decreto 105/2014 (currículo de primaria), a orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e a promoción en Primaria na Comunidade Autónoma e Galicia e polas instrucións do 27 de abril de 2020 para odesenvolvemento do terceiro trimestre.

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | O traballo na Aula Virtual estructurouse en torno aos temas do libro coa finalidade de simplificar o traballo na Aula Virtual das familias do alumnado máis miudo, así como responder á petición de familias que querían finalizar as actividades do libro de texto. Nestes temas, incluimos:<br>• Un resumo do tema (vocabulario e estructuras)<br>• Resumos das estructuras gramaticais vistas ata o momento, así como algunha pequena ampliación destos contidos.<br>• Proposta dun *challenge*, ou desafío, onde @s nen@s teñan que gravar un video falando en inglés coa súa familia.<br>• Videos explicativos das esctructuras repasadas e ampliadas.<br>• Videos con diálogos e repaso de vocabulario e estructuras usadas en clase.<br>• LIVE worksheets (fichas interactivas autocorrexibeis que incluen vídeos, audios e actividades interacitvas das que, una vez finalizadas, a propia aplicación envía á mestra e esta pode facer un seguimento individualizado).<br>• Xogos, contos, cancións e debuxos animados (onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira en contextos reais).<br>• Fichas tipo PDF para imprimir de reforzo e revisión. Tamén de ampliación para as familias que así o desexen.<br>Tamén se dispuxo na Aula Virtual dos enlaces ás Avaliacións de Diagnóstico de 3º dos últimos anos, non coa intención de examinar, senon de practicar con estas probas a competencia lingüística xa que valoran a comprensión oral, escrita e a expresión escrita. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | As instrucións do 27 de abril 2020 establecen que durante o terceiro trimestre se desenvolverán actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores.<br>O traballo da Lingua Inglesa desenvólvese fundamentalmente na Aula Virtual do CEIP de Arzúa (3º e 4º, Lingua Inglesa). O grupo de 3º está formado por 20 alumnas e alumnos dos que, a maioría dispoñen de conexión a internet a través dun ordenador, aínda que ás veces con problemas de cobertura. Catro alumn@s non dispoñen ou de internet ou de ordenador para traballar con esta ferramenta. Para este alumnado dispoñemos de PDFs onde poda seguir traballando neste tempo de confinamento.<br>Na páxina web do centro, en Lingua Inglesa, Actividades, súbense as indicacións ás tarefas e traballo a realizar na Aula Virtual, así como os enlaces aos PDFs para o alumnado que non dispón de internet para traballar na Aula Virtual. (Estos pdf son enviados descargados tanto a librería da vila fotocopiadora como ao Concello que distribue copias ao |

| | |
|---|---|
| | alumnado con dificultades económicas). A Aula Virtual está estructurada en torno a temas de interese:<br>• ***Vocabulario** de diferentes temas:*<br>*Self introduction (Presentándose a un/unha mesma)*<br>*My school (A miña escola)*<br>*Foods and Drinks (Comidas e bebidas)*<br>*Clothes (Roupa)Weather (O tempo)*<br>*Telling the time (A hora)*<br>*Families (A familia)*<br>*Home (A casa)*<br>*Describing people (Descripcións)*<br>*Sports (Deportes)*<br>*Daily Routines (Rutinas diarias)*<br>• ***Gramática**:*<br>*Verbs: TO BE, TO HAVE, CAN, LIKE ( Os verbos SER, TER, PODER, GUSTAR)*<br>*Verbal tense: Pesent Continuous* (Presente Continuo*) e Present Simple* (Presente Simple)<br>• ***Xogos e historias***<br>• ***Debuxos animados** e **películas**: Pepa Pig, Muzzy in Gondoland, Dora The Explorer, Pocoyo, etc. (debuxos con subtitulos en inglés).*<br>Cando empezou o período de confinamento, fixemos uso dunha nova técnica: estructurar os contidos e actividades en torno aos temas do libro coa finalidade de simplificar o traballo na Aula Virtual ás familias do alumnado máis miudo, así como responder á petición de familias que querían finalizar as actividades do libro de texto. No apartado de actividades especificamos como se leva a cabo.<br>Así mesmo, facilitóuselle ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que puideran precisar.<br>Tamén se crearon Listas de Difusión para comunicacións da profesora ás familias (onde tamén se enviaron todas as indicacións que se foron subindo a web, para maior comodidade das familias con dificultades nas TIC) e onde a comunicación con cada familia é a nivel individual.<br>O alumnado envía as tarefas feitas para a súa corrección por diferentes medios: a aplicación das propias LIVEworksheets, correo electrónico e whatsapp. Desde o primeiro momento se estableceu a non obligatoriedade das tarefas, a ausencia de datas de entrega e a adaptación dos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares (factores socioeconómicos, emocionais, organizativos, etc). Cada nen@ recibe o feedback ao seu traballo, coas corrección necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, correo electrónico ou chamada telefónica ou, se el@s así o queren, videochamada. Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades. A |

| | |
|---|---|
| | disponibilidade horaria para atención ás familias é total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares. Mantense contacto coas familias nas que o alumnado envía pouco traballo, nunca co ánimo de exercer presión, senon de apoiar e axudar.<br><br>Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe. Tamén se leva a cabo o programa de enrequecemento curricular segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades.<br>A fundamentación lexislativa a este apartado correspóndese co establecido no Decreto 105/2014 que establece o currículo de primaria e a Orde ECD65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. |
| **Materiais e recursos** | Aula Virtual do CEIP de Arzúa<br>Páxina web do CEIP de Arzúa<br>PDFs (fichas, caderniños reforzo e ampliación)<br>Libro de texto<br>Videos, Audios, etc<br>Diversas aplicacións informaticas: Whatsapp, Liveworksheets, etc |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | **-Informarase ás familias**, e por conseguinte ao alumnado, da publicación deste documento na páxina web do centro e listas de difusión.<br>**-Resolveranse as dúbidas** que poidan xurdir a través dos medios citados anteriormente ou a través de chamadas telefónicas ou videoconferencias. |
| **Publicidade** | Será publicado por Dirección na **páxina web** do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARZÚA
CURSO: 5º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 8 MAIO 2020

do [illegible] de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Criterios de avaliación- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **1.- Comprensión de textos orais**<br><br>B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe. | PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. **CCL** |
| B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto. | PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital. **CCL** |
| B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. **CCL -CD -CAA** |
| **2.- Producción de textos orais**<br>B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but). | PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. **CCL** |

| | |
|---|---|
| **3.- Comprensión de textos escritos**<br>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. **CCL** |
| B3.2. Recoñece as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e das ideas principais nos textos escritos sinxelos. | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. **CCL -CD** |
| **4.- Producción de textos escritos**<br>B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.**CCL** |
| B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. | PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. **CCL** |
| **5.- Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**<br>B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente**. CCL -CAA-CSC** |
| B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. | PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.<br>a y su cultura. **CCL -CSC** |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>-Tarefas telemáticas<br>-Observación sistemática.<br>-Valoración dos contidos e competencias desenvoltos.<br>-Análise das producións entregadas. |
| | Instrumentos:<br><br>Para a valoración destas producións empregarase unha escala de valoración:<br><br>- Entrega as tarefas telemáticas: sempre, ás veces, nunca.<br>- Realización dun xeito correcto (dándolle importancia ao proceso, iniciativa, presentación, esforzo e constancia): sempre, ás veces, nunca. |
| **Cualificación final** | Seguindo as instruccións do 27 de abril de 2020, e en concreto o punto 6.10 de dito documento, e tendo en conta o carácter continuo e global, diagnóstico e formativo do proceso de avaliación, establezo como CRITERIO XERAL poñer a nota do SEGUNDO TRIMESTRE para que o alumnado non sexa perxudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía do terceiro trimestre.<br>A cualificación final poderá poderá incrementar a cualificación final un máximo dun punto, tendo en conta o número e calidade das tarefas levadas a cabo durante o período de suspensión das clases (de repaso, reforzo e/ ou ampliación) tal como se menciona nos apartados 7.2 e 7.3 de ditas instruccións.<br>De xeito ESPECÍFICO, prepararanse tarefas de RECUPERACIÓN para aquel@s alumn@s que non teñan superada a primeira e/ousegunda avaliación, e a cualificación final poderá ser mellorada con un punto como máximo, según aparece reflexado no punto 6 das instruccións. |

A xustificación lexislativa a este apartado vén dada polo establecido no Decreto 105/2014 (currículo de primaria), a orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e a promoción en Primaria na Comunidade Autónoma e Galicia e polas instrucións do 27 de abril de 2020 para odesenvolvemento do terceiro trimestre.

| 3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | • Continuación do traballo interrumpido polo confinamento, a unidade ao redor do centro de interés "AT THE SPORT CENTER". Aquí, seguindo a metodoloxía explicada máis adiante, disponemos dos seguintes enlaces:<br>-Videos presentación do vocabulario e estructuras usadas.<br>-Video axuda (HELP video), onde se explica a estructura gramatical usada en español e inglés, para a súa mellor comprensión.<br>- Resumo ou esquema da unidade ou estructura a traballar.<br>-Video con diálogos onde o vocabulario e estructuras se usan en contextos reais.<br>-Fichas interactivas e LIVEworksheets sobre o tema.<br>• Repaso do vocabulario dado con anterioridade noutras unidades: Home, School, Family, Food, etc.<br>• Grammar: Repaso e reforzo dos tempos verbais estudados ata o momento: PRESENT SIMPLE e PRESENT CONTINUOUS, coa introducción de videos explicativos citados anteriormente.<br>• Repaso e ampliación de contidos coa unidade "IN TOWN" repasando o vocabulario da cidade, as preposicións de lugar e o verbo THERE IS/ARE. A mesma estructura organizativa que na anterior unidade, suliñando a inclusión dos HELP videos, para una exposición clara e detallada da estructura gramatical.<br>- Repaso e reforzo do vocabulario da unidade JOBS e en proxecto o repaso do vocabulario FOOD e o seu uso no contexto "AT THE RESTAURANT", coa mesma estructura organizativa das outras unidades.<br>• Visionado de videos, contos, debuxos animados e películas con subtítulos en ingles co obxectivo de practicar a comprensión oral e escrita dunha maneina lúdica e dentro dun contexto real: Horrid Henry, Wallace and Grommit, Finding Nemo, etc. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | As instrucións do 27 de abril 2020 establecen que durante o terceiro trimestre se desenvolverán actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores.<br>O traballo da Lingua Inglesa desenvólvese fundamentalmente na Aula Virtual do CEIP de Arzúa (5º e 6º, Lingua Inglesa). O grupo de 5º está formado por 18 alumnas e alumnos dos que, a maioría dispoñen de conexión a internet a través dun ordenador, aínda que ás veces con problemas de cobertura. Cinco alumn@s non dispoñen ou de internet ou de ordenador, ou a lo menos presentan dificultades, para traballar |

| | |
|---|---|
| | con esta ferramenta. Para este alumnado dispoñemos de PDFs onde poda seguir traballando neste tempo de confinamento.<br>Na páxina web do centro, en Lingua Inglesa, Actividades, súbense as indicacións ás tarefas e traballo a realizar na Aula Virtual, así como os enlaces aos PDFs para o alumnado que non dispón de internet para traballar na Aula Virtual. (Estos pdf son enviados descargados tanto a librería da vila como ao Concello que distribue copias ao alumnado con dificultades económicas).<br>Así mesmo, facilitóuselle ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que puideran precisar.<br>Tamén se crearon Listas de Difusión para comunicacións da profesora ás familias (onde tamén se enviaron todas as indicacións que se foron subindo a web, para maior comodidade das familias con dificultades nas TIC) e a comunicación a nivel individual con cada familia é considerada primordial neste contexto de ensino-aprendizaxe.<br>O traballo na Aula Virtual estructurouse en torno a centros de interés ou unidades didácticas (xa creadas con anterioridade ao período de confinamento). Estas unidades son un centro de interés que pode ser un campo semántico (escola, casa, roupa, a hora, etc.- AV 3º-4º)) ou unha situación comunicativa (Self introduction, At he shop, At the restaurant, In town, At the doctor, etc.. .- AV-5º-6º). Nestas unidades incluimos:<br>● Presentación do vocabulario e estructuras.<br>● Resumos das estructuras gramaticais vistas ata o momento, así como algunha pequena ampliación destos contidos.<br>● Proposta dun *challenge*, ou desafío (como pode ser a gravación dunha conversa familiar, dun roleplay..)<br>● Videos explicativos (HELP videos) das esctructuras gramaaticais repasadas e ampliadas en español e inglés, para a súa mellor comprensión.<br>● Videos con diálogos e repaso de vocabulario e estructuras usadas en clase en contextos reais.<br>● LIVE worksheets (fichas interactivas autocorrexibeis que incluen vídeos, audios e actividades interactivas das que, una vez finalizadas, a propia aplicación envíaa á mestra e esta pode facer un seguimento individualizado). |

| | |
|---|---|
| | ● Xogos, contos, cancións e debuxos animados (onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira) dunha maneira lúdica e en contextos reais.<br>O alumnado envía as tarefas feitas para a súa corrección por diferentes medios: a aplicación das propias Liveworksheets, correo electrónico e whatsapp. Desde o primeiro momento se estableceu a non obligatoriedade das tarefas, a ausencia de datas de entrega e a adaptación aos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares (factores socioeconómicos, emocionais, organizativos, etc ). Cada nen@ recibe o feedback ao seu traballo, coas corrección necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, correo electrónico ou chamada telefónica ou, se el@s así o queren, videochamada. Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades. A disponibilidade horaria para atención ás familias é total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares. Mantense contacto coas familias nas que o alumnado envía pouco traballo, nunca co ánimo de exercer presión, senon de apoiar e axudar.<br>Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa,<br>individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe. Tamén se leva a cabo o programa de enrequecemento curricular segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades.<br>A fundamentación lexislativa a este apartado correspóndese co establecido no Decreto 105/2014 que<br>establece o currículo de primaria e a Orde ECD65/2015 pola que se describen as relacións entre as<br>competencias, os contidos e os criterios de avaliación. |
| **Materiais e recursos** | Aula Virtual do CEIP de Arzúa<br>Páxina web do CEIP de Arzúa<br>PDFs (fichas, caderniños reforzo e ampliación)<br>Videos, Audios, etc<br>Diversas aplicacións informaticas: Whatsapp, Liveworksheets, etc |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | **-Informarase ás familias**, e por conseguinte ao alumnado, da publicación deste documento na páxina web do centro e listas de difusión.<br>**-Resolveranse as dúbidas** que poidan xurdir a través dos medios citados anteriormente ou a través de chamadas telefónicas ou videoconferencias. |
| **Publicidade** | Será publicado por Dirección na **páxina web** do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

do le abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP DE ARZÚA
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: MAIO 2020

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Criterios de avaliación-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe e competencias |
| **1.- Comprensión de textos orais**<br>B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual. | PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). **CCL -CAA** |
| B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. | PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). **CCL -CAA** |
| B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. | PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). **CCL -CAA -CSC** |
| | PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. **CCL - CAA -CSC** |
| **2.-Produción de textos orais.- Expresión e interacción.**<br>B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, | PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as |

| | |
|---|---|
| persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación. | principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible **CCL -CAA** |
| B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir | |
| **3.- Comprensión de textos escritos**<br>B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual. | PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos. **CCL -CAA** |
| B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. | PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. **CCL -CAA** |
| B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. | PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. **CCL -CAA** |

| | |
|---|---|
| **Bloque 4.- Produción de textos escritos: Expresión e interacción**<br>B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). **CCL** |
| B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen. | PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. **CCL -CD -CAA -CSC** |
| **5.- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**<br>B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. | PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. **CCL -CAA -CSC** |
| B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais. | PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). **CCL -CAA -CSC** |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>-Tarefas telemáticas<br>-Observación sistemática.<br>-Valoración dos contidos e competencias desenvoltos.<br>-Análise das producións entregadas. |
| | Instrumentos:<br><br>Para a valoración destas producións empregarase unha escala de valoración:<br><br>- Entrega as tarefas telemáticas: sempre, ás veces, nunca.<br>- Realización dun xeito correcto (dándolle importancia ao proceso, iniciativa, presentación, esforzo e constancia): sempre, ás veces, nunca. |
| **Cualificación final** | Seguindo as instruccións do 27 de abril de 2020, e en concreto o punto 6.10 de dito documento, e tendo en conta o carácter continuo e global, diagnóstico e formativo do proceso de avaliación, establezo como CRITERIO XERAL poñer a nota do SEGUNDO TRIMESTRE para que o alumnado non sexa perxudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía do terceiro trimestre.<br>A cualificación final poderá poderá incrementar a cualificación final un máximo dun punto, tendo en conta o número e calidade das tarefas levadas a cabo durante o período de suspensión das clases (de repaso, reforzo e/ ou ampliación) tal como se menciona nos apartados 7.2 e 7.3 de ditas instruccións.<br>De xeito ESPECÍFICO, prepararanse tarefas de RECUPERACIÓN para aquel@s alumn@s que non teñan superada a primeira e/ousegunda avaliación, e a cualificación final poderá ser mellorada con un punto como máximo, según aparece reflexado no punto 6 das instruccións.. |

A xustificación lexislativa a este apartado vén dada polo establecido no Decreto 105/2014 (currículo de primaria), a orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e a promoción en Primaria na Comunidade Autónoma e Galicia e polas instrucións do 27 de abril de 2020 para odesenvolvemento do terceiro trimestre.

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | • Continuación do traballo interrumpido polo confinamento, a unidade ao redor da Situación Comunicativa "IN TOWN". Aquí, seguindo a metodoloxía explicada máis adiante, disponemos dos seguintes enlaces:<br>-Videos presentación do vocabulario e estructuras usadas.<br>-Video axuda (HELP video), onde se explica a estructura gramatical usada en español e inglés.<br>- Resumo ou esquema da unidade ou estructura a traballar.<br>-Video con diálogos onde o vocabulario e estructuras se usan en contextos reais.<br>-Fichas interactivas e LIVEworksheets sobre o tema.<br>• Repaso do vocabulario dado con anterioridade noutras unidades: School, Family, Food, etc.<br>• Grammar:<br>- Repaso e reforzó dos tempos verbais estudados ata o momento: PRESENT SIMPLE, PRESENT CONTINUOUS, PAST SIMPLE.<br>- Traballo cos PERSONAL AND OBJECT PRONOUNS AND POSSESIVE FORMS (xa empezado a traballar nas clases presenciais)<br>- Ampliación de contidos, repasando os adxectivos e estudando as súas formas COMPARATIVES AND SUPERLATIVES. A mesma estructura organizativa que na anterior unidade, suliñando a inclusión dos HELP videos, para una exposición clara e detallada das novas estructuras gramaticais.<br>- En proxecto está una pequeña introducción ao FUTURE (como complemento aos tempos verbais dados con anterioridade e con vistas ao paso do alumnado para a seguinte etapa da Eso, así como o repaso do vocabulario FOOD e o seu uso no contexto "AT THE RESTAURANT".<br>• Visionado de videos, contos, debuxos animados e películas con subtítulos en ingles co obxectivo de practicar a comprensión oral e escrita dunha maneina lúdica e dentro dun contexto real: Horrid Henry, Wallace and Grommit, Finding Nemo, etc. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | As instrucións do 27 de abril 2020 establecen que durante o terceiro trimestre se desenvolverán actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores.<br>O traballo da Lingua Inglesa desenvólvese fundamentalmente na Aula Virtual do CEIP de Arzúa (5º e 6º, Lingua Inglesa). Os grupos de 6º (A e |

| | |
|---|---|
| | B) están formados por 15 alumnas e alumnos cada grupo dos que, a maioría dispoñen de conexión a internet a través dun ordenador, aínda que ás veces con problemas de cobertura. Catro alumn@s non dispoñen ou de internet ou de ordenador, ou a lo menos presentan dificultades, para traballar con esta ferramenta. Para este alumnado dispoñemos de PDFs onde poda seguir traballando neste tempo de confinamento.<br>Na páxina web do centro, en Lingua Inglesa, Actividades, súbense as indicacións ás tarefas e traballo a realizar na Aula Virtual, así como os enlaces aos PDFs para o alumnado que non dispón de internet para traballar na Aula Virtual. (Estos pdf son enviados descargados tanto a librería da vila como ao Concello que distribue copias ao alumnado con dificultades económicas).<br>Así mesmo, facilitóuselle ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que puideran precisar.<br>Tamén se creou un grupo de Whatsapp para comunicacións xerais da profesora ao alumnado e ás familias (onde tamén se enviaron todas as indicacións que se foron subindo a web, para maior comodidade das familias con dificultades nas TIC). A comunicación a nivel individual con cada familia é considerada primordial neste contexto de ensino-aprendizaxe.<br>O traballo na Aula Virtual estructurouse en torno a centros de interés ou unidades didácticas (xa creadas con anterioridade ao período de confinamento). Estas unidades teñen un centro de interés que pode ser un campo semántico onde @s nen@s poden repasar vocabulario (escola, casa, roupa, a hora, etc.- AV 3º-4º)) ou unha situación comunicativa (Self introduction, At he shop, At the restaurant, In town, At the doctor, etc..- AV-5º-6º). Nestas unidades incluimos:<br>● Presentación do vocabulario e estructuras usadas nese contexto.<br>● Resumos das estructuras gramaticais vistas ata o momento, así como algunha pequena ampliación destos contidos.<br>● Proposta dun *challenge*, ou desafío (como pode ser a gravación dunha conversa familiar, dun roleplay..)<br>● Videos explicativos das esctructuras repasadas e ampliadas.<br>● Videos con diálogos e repaso de vocabulario e estructuras usadas en clase en contextos reais. |

| | |
|---|---|
| | ● LIVE worksheets (fichas interactivas autocorrexibeis que incluen vídeos, audios e actividades interactivas das que, una vez finalizadas, a propia aplicación envía á mestra e esta pode facer un seguimento individualizado).<br>● Xogos, contos, cancións e debuxos animados (onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira) dunha maneira lúdica e en contextos reais.<br>Tamén se dispuxo na Aula Virtual dos enlaces ás Avaliacións Diagnósticas de 6º dos últimos anos, non coa intención de examinar, senon de practicar con estas probas a competencia lingüística xa que se traballan a comprensión oral, escrita e a expresión escrita.<br><br>O alumnado envía as tarefas feitas para a súa corrección por diferentes medios: a aplicación das propias Liveworksheets, correo electrónico e whatsapp. Desde o primeiro momento se estableceu a non obligatoriedade das tarefas, a ausencia de datas de entrega e a adaptación dos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares (factores socioeconómicos, emocionais, organizativos, etc ). Cada nen@ recibe o *feedback* ao seu traballo, coas corrección necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, correo electrónico ou chamada telefónica ou videochamada (via Whatsapp, Webex ou Skype). Establecemos reunión por Webex e/ou Skype cunha frecuencia media semanal co principal obxectivo de reunirnos, falar de dúbidas e/ou dificultades e logros. Está en proxecto a unión de Patrick, o asistente de conversa, a estas reunións. Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades. A disponibilidade horaria para atención ás familias é total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares. Mantense contacto coas familias nas que o alumnado envía pouco traballo, nunca co ánimo de exercer presión, senon de apoiar e axudar.<br><br>Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa,<br>individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe. Tamén |

| | |
|---|---|
| | se leva a cabo o programa de enrequecemento curricular segundo o Protocolo para a atención<br>educativa ao alumnado con altas capacidades.<br>A fundamentación lexislativa a este apartado correspóndese co establecido no Decreto 105/2014 que establece o currículo de primaria e a Orde ECD65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. |
| **Materiais e recursos** | Aula Virtual do CEIP de Arzúa<br>Páxina web do CEIP de Arzúa<br>PDFs (fichas, caderniños reforzo e ampliación)<br>Videos, Audios, etc<br>Diversas aplicacións informaticas: Whatsapp, Liveworksheets, Drive, Gmail, Webex, Skype, etc |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | **-Informarase ás familias**, e por conseguinte ao alumnado, da publicación deste documento na páxina web do centro e grupo de Whatsapp.<br>**-Resolveranse as dúbidas** que poidan xurdir a través dos medios citados anteriormente ou a través de chamadas telefónicas ou videoconferencias. |
| **Publicidade** | Será publicado por Dirección na **páxina web** do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO

do le abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP DE ARZÚA
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: PLÁSTICA (SECCIÓNS BILINGÜES)
DEPARTAMENTO: INGLÉS (PLÁSTICA SECCIÓNS BILINGÜES)
DATA: MAIO 2020

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Criterios de avaliación- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe e competencias |
| B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista. | EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.**CCEC-CAA** |
| B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento | EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brilo, contraste, …) que lle serven para a ilustración de textos. **CD-CSC** |
| B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as | EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada. **CCEC -CAA** |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>-Tarefas telemáticas<br>-Observación sistemática.<br>-Valoración dos contidos e competencias desenvoltos.<br>-Análise das producións entregadas. |
| | Instrumentos:<br><br>Para a valoración destas producións empregarase unha escala de valoración:<br><br>- Entrega as tarefas telemáticas: sempre, ás veces, nunca.<br>- Realización dun xeito correcto (dándolle importancia ao proceso, iniciativa, presentación, esforzo e constancia): sempre, ás veces, nunca. |
| **Cualificación final** | Seguindo as instruccións do 27 de abril de 2020, e en concreto o punto 6.10 de dito documento, e tendo en conta o carácter continuo e global, diagnóstico e formativo do proceso de avaliación, establezo como CRITERIO XERAL poñer a nota do SEGUNDO TRIMESTRE para que o alumnado non sexa perxudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía do terceiro trimestre.<br>A cualificación final poderá poderá incrementar a cualificación final un máximo dun punto, tendo en conta o número e calidade das tarefas levadas a cabo durante o período de suspensión das clases (de repaso, reforzo e/ ou ampliación) tal como se menciona nos apartados 7.2 e 7.3 de ditas instruccións.<br>De xeito ESPECÍFICO, prepararanse tarefas de RECUPERACIÓN para aquel@s alumn@s que non teñan superada a primeira e/ousegunda avaliación, e a cualificación final poderá ser mellorada con un punto como máximo, según aparece reflexado no punto 6 das instruccións. |

A xustificación lexislativa a este apartado vén dada polo establecido no Decreto 105/2014 (currículo de primaria), a orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e a promoción en Primaria na Comunidade Autónoma e Galicia e polas instrucións do 27 de abril de 2020 para odesenvolvemento do terceiro trimestre.

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Na Aula Virtual dispoñemos de enlaces a diferentes actividades, como indicamos máis abaixo. Cada nen@ fixo algún dos traballos propostos nesta, pero houbo un proxecto en especial onde participaron colectivamente:<br>O proxecto "Vamos de Museos", foi proposto polo Getty Museum de Los Ángeles, "The Getty Museum Challenge". Trátase de escoller unha pintura, fotografía, caricatura dun/ha pintor/a galega, británica ou unha que lles gustara especialmente e recreala, reproducila dándolle vida. Adxuntamos fotos e videos doutros proxectos levados a termo en diferentes partes do mundo e a participación d@s nen@s e familias foi moi grande e o resultado espectacular. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | As instrucións do 27 de abril 2020 establecen que durante o terceiro trimestre se desenvolverán actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores.<br>O traballo de Plástica desenvólvese fundamentalmente na Aula Virtual do CEIP de Arzúa (5º e 6º, Plástica). Plástica de 6º pertenece ao proxecto Seccións Bilingües, por tanto, son os dous grupos de 6º (A e B) os que levan a termo este proxecto. 6º A e 6º B están formados por 15 alumnas e alumnos cada grupo, dos que, a maioría dispoñen de conexión a internet a través dun ordenador, aínda que ás veces con problemas de cobertura. Catro alumn@s non dispoñen ou de internet ou de ordenador, ou a lo menos presentan dificultades, para traballar con esta ferramenta na aula virtual, pero poden ver cos datos do móbil as indicacións. Na páxina web do centro, en Lingua Inglesa, Art, súbense as indicacións ás tarefas ou proxectos a realizar e tamén son enviadas ao grupo de Whatsapp.<br>Na Aula Virtual dispoñemos de enlaces a diferentes actividades que, neste tempo de confinamento, cada nen@ vai facendo según os seus intereses:<br>*-Museos Virtuais*<br>*-Visita virtual ao British Museum.*<br>*-Video da Historia da pintura e o debuxo.*<br>*-Mandalas virtuais (animais, flores, etc)*<br>*-Arte dos patróns de garabatos (Doodle Art)* |

| | |
|---|---|
| | *-Puntillismo*<br>*-Collages*<br>*-Espazos negativos*<br>*-Arte efímera*<br>*-Origami*<br>*-Proxectos de témperas e acuarelas*<br>*-Caricaturas*<br>*-Debuxo libre*<br>*-Proxecto "Vamos de museos".*<br>Facilitóuselle ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que puideran precisar.<br>Tamén se creou un grupo de Whatsapp para faciitar a comunicación con este grupo de alumnado e as familias.<br>O alumnado envía as tarefas feitas ou ben ao grupo de whasapp, como foi o caso das obras feitas no proxecto "Vamos de Museos" ou por correo electrónico. Desde o primeiro momento se estableceu a non obligatoriedade das tarefas, a ausencia de datas de entrega e a adaptación dos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares. Cada nen@ recibe o feedback ao seu traballo, coas corrección necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, correo electrónico ou chamada telefónica ou videochamada. Posteriormente, as obras do proxecto "Vamos de Museos" foron compartidas na web do centro, Lingua Inglesa, Art e na Aula Virtual. Empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe.<br>A fundamentación lexislativa a este apartado correspóndese co establecido no Decreto 105/2014 que establece o currículo de primaria |

| | |
|---|---|
| | e a Orde ECD65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. |
| **Materiais e recursos** | Aula Virtual do Ceip de Arzúa<br>Páxina web do CEIP de Arzúa<br>Enlaces a Museos de Galicia de todo o mundo, así como enlaces á páxinas web de diferentes artistas.<br>Videos explicativos das diferentes técnicas.<br>Diversas aplicacións informáticas: Whatsapp, Drive, G mail, Programas de edición de fotos, etc. |

## 4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | **-Informarase ás familias**, e por conseguinte ao alumnado, da publicación deste documento na páxina web do centro e grupo de Whatsapp.<br>**-Resolveranse as dúbidas** que poidan xurdir a través dos medios citados anteriormente ou a través de chamadas telefónicas ou videoconferencias. |
| **Publicidade** | Será publicado por Dirección na **páxina web** do centro. |